



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúñese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, por non existir quórum para a a válida constitución en primeira convocatoria, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2021 e da sesión extraordinaria e urgente do día 22 de decembro de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular alguma observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros hoxe presentes que asistiron á dita sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós e dona Elisa Pestonit Barreiros) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular alguma observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros hoxe presentes que asistiron á citada sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 7 de decembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2022 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT811A). (Diario Oficial de Galicia número 244, do 22 de decembro de 2021).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Resolución do 21 de decembro de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública, Ministerio de Facenda e Función Pública, pola que se convoca concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional. (Boletín Oficial do Estado número 310, do 27 de decembro de 2021). Publícanse as vacantes dos postos de Secretaría e Intervención do Concello de Cambre.

- Resolución do 15 de decembro de 2021, do Servizo Provincial da Coruña, Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación e formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construcción denominado *Fomento da mobilidade sustentable, itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva, puntos quilométricos 1+840-2+340, de clave AC/20/009.06.1, nos concellos de Cambre e Culleredo*. (Boletín Oficial da Provincia número 245, do 27 de decembro de 2021, e Diario Oficial de Galicia número 248, do 28 de decembro de 2021).

- Resolución do 15 de decembro de 2021, do Servizo Provincial da Coruña, Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación e formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construcción denominado *Fomento da mobilidade sustentable, itinerario peonil e ciclista na AC-214, treito A Xira-Cambre (puntos quilométricos 7+220-8+540), de clave AC/20/009.06.2, no concello de Cambre*. (Boletín Oficial da Provincia número 245, do 27 de decembro de 2021, e Diario Oficial de Galicia número 248, do 28 de decembro de 2021).

3º. Expedientes de contratación

Único. Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da obra de “Mellora da funcionalidade dalgúns elementos de mobiliario urbano existente nos espazos públicos de Cambre”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«A Xunta de Goberno Local, con data de 22 de decembro de 2021, aprobou a “Descripción técnica mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre”, cun orzamento total de licitación de 30.000,00 €, asinada polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito con data de 13 de decembro de 2021.

Consta acta de replanteo do proxecto, asinada pola arquitecta técnica municipal con data do 22 de decembro de 2021.

Consta memoria xustificativa emitida pola arquitecta técnica municipal para a contratación das obras incluídas na citada descripción técnica, no que se xustifica a necesidade da obra, a non división en lotes do contrato e maila elección do procedemento de contratación proposto, e se propoñen os criterios para a valoración das ofertas.

Xustifícase a non división en lotes, a teor do establecido nos artigos 99.3 e 116.4 g) da LCSP, con base na natureza e dimensión da obra a executar, pois a realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecustos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.

Consta informe técnico emitido polo arquitecto municipal respecto, entre outros aspectos, da nomenclatura do contrato, prezo base de licitación, valor estimado, criterios de adxudicación availables mediante fórmulas e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

adscrición de medios materiais e persoais.

Segundo se deriva do mesmo, o orzamento base de licitación do contrato ascende a:

- Base impoñible: 24.793,39 €
- Importe IVE (21%): 5.206,61€
- Total: 30.000,00 €

Polo que se refire ao valor estimado do contrato, e dado que nin no proxecto técnico, nin no informe técnico de necesidade consta proposta de modificación nos termos establecidos no artigo 204 da LCSP, o valor estimado do presente contrato é de:

- Base impoñible: 24.793,39 €
- 20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede
- Total VALOR ESTIMADO: 24.793,39 €

Respecto dos criterios avaliables mediante fórmulas matemáticas, establecéncense: 100 puntos

- Oferta económica: 50 puntos.
- Estabilidade no emprego: Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa: 35 puntos.
- Incremento do prazo de garantía: 15 puntos.

Consta, así mesmo, anexo a dito informe no que se fai constar que:

“...nos encontramos ante un contrato mixto de obras y subministracíons, tal y como se define en los artículos 18 y 34.2 de la LCSP”

Artículo 18. Contratos mixtos.

1. Se entenderá por contrato mixto aquel que contenga prestaciones correspondientes a otro u otros de distinta clase.

Únicamente podrán celebrarse contratos mixtos en las condiciones establecidas en el artículo 34.2 de la presente Ley.

El régimen jurídico de la preparación y adjudicación de los contratos mixtos se determinará de conformidad con lo establecido en este artículo; y el de sus efectos, cumplimiento y extinción se determinará de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 122.2.

Para la determinación de las normas que regirán la adjudicación de los contratos mixtos cuyo objeto contenga prestaciones de varios contratos regulados en esta Ley, se estará a las siguientes reglas:

a) Cuando un contrato mixto comprenda prestaciones propias de dos o más contratos de obras, subministracíons o servicios se atenderá al carácter de la prestación principal.

Artículo 34. Libertad de pactos.

1.

2. Solo podrán fusionarse prestaciones correspondientes a diferentes contratos en un contrato mixto cuando esas prestaciones se encuentren directamente vinculadas entre sí y mantengan relaciones de complementariedad que exijan su consideración y tratamiento como una unidad funcional dirigida a la satisfacción de una determinada necesidad o a la consecución de un fin institucional propio de la entidad contratante.

Como contrato mixto, el carácter de la prestación principal es el correspondiente a obras, tal y como se deriva del desglose del presupuesto contenido en la Descripción Técnica, detallado a continuación, que junto con el informe técnico y de la oferta del licitador, revisten carácter contractual

Teniendo en cuenta los precios unitarios que figuran en la Descripción Técnica, analizamos los trabajos



CONCELLO DE
CAMBRE

R.E.L. 01150177

que llevan implícitos (se utilizan los precios unitarios con iva):

mt18mva015d	Ud	Pletina de acero zincado para soporte de sección 60x8 mm desarrollo de 480+480 formando un ángulo de 101º, pintada color plata texturizada. Rastrel de madera de pino, de 65x38 mm, tratada en autoclave, con clase de uso 4 según UNE-EN 335, para apoyo y fijación de las tarimas de exterior.	3,000	17,95	53,85
mt18mtf030ay p	m	Listón de madera tropical maciza (Teká o Iroko), de 32x130x1500 mm, con clase de uso 4, según UNE-EN 335, para cepillado y aplicación de un tratamiento protector de lasur en obra.	9,000	16,29	146,62
mt18mva095	Ud	Tornillo autotaladrante de acero inoxidable, con cabeza avellanada.	36,000	0,14	5,04
mt18mva085a	Ud	Taco expansivo metálico y tirafondo, para fijación de pletina sobre soporte base de hormigón.	6,000	1,23	7,38
mt27lsa020a	I	Lasur al agua de secado rápido para exterior, sin color, acabado satinado, a base de resinas acrílicas híbridas y copolímeros de poliuretano, con un agente biocida, contra hongos de mancha azul y moho, con resistencia a la intemperie, para aplicar con brocha, rodillo o pistola sobre pavimentos exteriores de madera, como tratamiento protector y decorativo.	0,320	25,48	8,16
		Mano de obra			
mo025	h	Oficial 1ª instalador de pavimentos de madera.	10,000	18,32	183,20
mo063	h	Ayudante instalador de pavimentos de madera.	8,000	17,66	141,28
mo038	h	Oficial 1ª pintor.	2,200	18,32	40,34
mo076	h	Ayudante pintor.	0,800	17,66	14,13

luego tendremos: importe total, subministración y obra 600,00€ 100%

de los cuales corresponden: subministración 221,05€ 42% obra 378,95€ 63%

En base a lo anterior, y de conformidad con lo establecido en el art. 18.1 de la LCSP, las normas que deben regir para la adjudicación son las aplicables al contrato de obras.

(...)

Igualmente se hace constar que no se conoce el número de unidades de cada partida a ejecutar, por lo que respecto al subministración y construcción de los bancos, se han fijado las características y el precio de tres tipos de bancos que deberán ir suministrándose según las necesidades del Ayuntamiento como consecuencia del estudio del lugar en el que se vayan a ubicar, por lo que, en el presente supuesto, en aplicación de lo establecido en la Disposición adicional trigésima tercera de la LCSP, relativa a los contratos de subministraciones y servicios en función de las necesidades, estamos ante un contrato con un presupuesto máximo de licitación de 30.000 euros, iva incluido, y en el que el adjudicatario se obliga a efectuar la parte correspondiente al subministración y construcción de los bancos y a ejecutar las obras para la colocación de los mismos, de forma sucesiva y por el precio unitario que resulte de la adjudicación, sin que exista compromiso ni obligación alguna por parte del Ayuntamiento ante el



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

adjudicatario, de agotar el presupuesto máximo fijado".

Consta o documento de Retención de crédito emitido o 16/12/2021 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 1532.21000, por importe de 30.000,00 euros.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumplir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ("o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) ... outros equipamentos da súa titularidade"), tratándose ademais dun servizo mínimo obligatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/85, polo que queda debidamente xustificada a necesidade da obra para cumplir cos fins institucionais, isto en cumprimento do establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Consta a providencia de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP.

Consta informe proposta emitido pola secretaría e intervención municipais con data de 22 de decembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato correspondente á obra de "*Mellora da funcionalidade de algúns elementos do mobiliario urbano existente nos espazos públicos de Cambre*".

Trátase de mellorar as condicións de uso dos bancos, incrementando as zonas de asento e respaldo de madeira para obter un maior illamento e mellorar a sensación térmica que produce o formigón, sobre todo no inverno, logrando así que se achegue maior comodidade á hora de ser usados polos cidadáns.

Co contrato proxectado, o Concello está a cumplir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ("o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) ... outros equipamentos da súa titularidade ..."), tratándose ademais dun servizo mínimo obligatorio en tódolos municipios segundo establece o artigo 26.1.a) da mesma Lei 7/1985, polo que queda debidamente xustificada a necesidade da obra para cumplir cos fins institucionais, isto en cumprimento do establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C003/000016, polo procedemento aberto simplificado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de adjudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares que se integra nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: "*Mellora da funcionalidade de algúns elementos do mobiliario urbano existente nos espazos públicos de Cambre*".
- Orzamento base de licitación:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Base imponible: 24.793,39 €
- Importe IVE (21%): 5.206,61€
- Total: **30.000 €**

- Valor estimado:

- Base imponible: 24.793,39 €
- 20 % (Modificacións previstas de proxecto): Non procede
- Total VALOR ESTIMADO: 24.793,39 €

- Prazo de execución: 2 meses.

isto a teor do establecido nos artigos 131 ,159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 1532 21000

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: A unidade técnica prevista na cláusula 15.1 do PCAP estará integrada pola técnica de xestión de administración xeral adscrita á Secretaría Municipal, dona Verónica María Otero López, e polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito.

Sexto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada Lei.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao día 22 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2273/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2348/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2273/2021	17-12-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de decembro de 2021
2274/2021	17-12-2021	Solicitud acondicionamento camiños e terreos por estado de parcela llindeira a unha síta en Pena da Nosa Señora, Cambre. Propiedade: E.V.L.
2275/2021	17-12-2021	Orde de execución por árbores invadindo vía pública no lugar de Brexo. Denunciado: H.M.C.M.
2276/2021	17-12-2021	Orde de execución por árbores invadindo vía pública. Lugar Brexo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Denunciado: D.L.L. e S.R.A.
2277/2021	17-12-2021	Orde de execución por altura de tullas, afectando muro de terreo sito en Altamira, Anceis. Propiedade: E.J.F.G.
2278/2021	17-12-2021	Orde de execución por altura de tullas en terreo sito no Pastel, Pravio. Propiedade: H.I.B.C.
2279/2021	17-12-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentos a C.P.N., por superar o importe máximo anual establecido na ordenanza reguladora
2280/2021	17-12-2021	Concesión axuda aluguer por importe de 390 euros a M.T.
2281/2021	17-12-2021	Concesión parte de recibo de aluguer por importe de 300 euros a M.T.P.M.
2282/2021	17-12-2021	Concesión axuda aluguer a P.A.P.B. por importe de 250 euros
2283/2021	17-12-2021	Orde de execución por estado de parcela sita en Tuiño, Santa María de Vigo. Propiedade: O.R.V.
2284/2021	17-12-2021	Orde de execución por árbores invadindo vía pública en Amil Cambre. Denunciado: H. B.G.G.
2285/2021	17-12-2021	Relación de establecementos admitidos no concurso de Escaparates do Nadal 2021
2286/2021	17-12-2021	Orde de execución por estado de terreo sito en Lendoiro, Cecebre. Propietarios: S.P.A., F.P.A. e H.M.L.P.A.
2287/2021	17-12-2021	Orde de execución por tullas na estrada Cambre-Temple. Propietario: E.V.S.Q.
2288/2021	17-12-2021	Orde de execución polo estado da vexetación de terreo sito en Anceis, Cambre. Propiedade: H. M.I.A.
2289/2021	17-12-2021	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en baixo comercial sito na rúa Castellana, Cambre. Titular: C.A.V.R.
2290/2021	17-12-2021	Comunicación previa para tala en terreo sito en Lendoiro. Cambre
2291/2021	17-12-2021	Concesión axuda dous recibos de aluguer por importe total de 400 euros a D.G.A.C.
2292/2021	17-12-2021	Concesión axuda recibos de gas por importes de 24,76 euros e de 11,36 euros a M.J.B.B.
2293/2021	17-12-2021	Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dende o día 24 de decembro de 2021 ao 7 de xaneiro de 2022, ambos os dous incluídos
2294/2021	17-12-2021	Concesión axuda recibos de gas por importes de 40,31 euros e de 35,47 euros a M.A.C.D.
2295/2021	17-12-2021	Concesión a N.B.G. de licenza municipal para a construcción dunha vivenda unifamiliar en terreo sito na Estrada da Estación, Cambre
2296/2021	20-12-2021	Aprobación de facturas con reparos por importe total de 166.133,07 euros
2297/2021	20-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 5.880,94 euros, así como o seu pagamento
2298/2021	20-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Lote 1", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 63.275,22 euros, así como o seu pagamento CERT 10 - FINAL
2299/2021	20-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		importe total de 137.635,18 euros
2300/2021	20-12-2021	Contrato menor: Reparación de fuga na acometida do Complexo Deportivo Municipal A Barcala
2301/2021	20-12-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23 de decembro de 2021
2302/2021	20-12-2021	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de decembro 2021
2303/2021	20-12-2021	Contrato menor: Subministración de ordenadores para Servizos Sociais e CPU de reposo
2304/2021	20-12-2021	Contrato menor: Subministración servidor, discos SSD, licenza Vmware. Instalación, configuración e traspaso de maquinas virtuais
2305/2021	20-12-2021	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a J.B.G.
2306/2021	20-12-2021	Denegación axuda emerxencia social alimentación a M.L.R.F., por superar o saldo medio de aforro establecido na ordenanza reguladora
2307/2021	20-12-2021	Alta SAF D.T.P.A.
2308/2021	20-12-2021	Alta SAF M.N.D.
2309/2021	20-12-2021	Contrato Menor para impartición dun obradoiro de videoxogos a realizar no Nadal de 2021 na Casa Arrigada
2310/2021	20-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 23 de decembro de 2021
2311/2021	20-12-2021	Acreditación de fondos recibidos convenio promoción del hockei 2019
2312/2021	20-12-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase II)", e recoñecemento e liquidación de obligas correspondentes á factura por importe total de 5.783,26 euros, así como o seu pagamento.
2313/2021	20-12-2021	Resolución nomeamento conserxe interino
2314/2021	21-12-2021	Colaboración e patrocinio I Torneo de xadrez de Nadal en Cambre
2315/2021	20-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 16/2021
2316/2021	21-12-2021	Resolución Alcaldía pagamento nómina decembro 2021
2317/2021	21-12-2021	Concesión a UFD Distribución Electricidad, S.A., de licenza municipal para executar unha canalización de 24 metros liñais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a aumentar a potencia da subministración de enerxía eléctrica da nave sita no Polígono de Cambre, Cambre
2318/2021	21-12-2021	Concesión a J.A.M.C. de licenza municipal para a construcción dunha piscina de formigón, de 10 metros de longo por 4 metros de ancho e 1,80 metros de profundidade, en Outeiro, Cela
2319/2021	21-12-2021	Multas - 17238/2021 Resolución de primeiras alegacións
2320/2021	21-12-2021	Multas - 21903/2021 Resolución de primeiras alegacións
2321/2021	21-12-2021	Concesión axuda aluguer a S.A.V. por importe de 280 euros
2322/2021	21-12-2021	Colaboración coa Asociación Temple Comercial na Campaña de Nadal
2323/2021	21-12-2021	Baixa por renuncia voluntaria do Servizo de Axuda no Fogar de N.C.P.O.
2324/2021	21-12-2021	Baixa servizo de axuda no fogar M.L.I.M.
2325/2021	21-12-2021	Multas - 99500000024693 – Acordo de inicio



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2326/2021	21-12-2021	Contrato menor: Fabricación e montaxe de estrutura metálica a inserir no tabique da cuberta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, ao longo de 30 m.l.
2327/2021	21-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 17/2021
2328/2021	21-12-2021	Baixa no servizo de axuda no fogar de M.L.C.L.
2329/2021	21-12-2021	Baixa no servizo de axuda no fogar de C.M.F.
2330/2021	21-12-2021	Baixa do servizo de axuda no fogar de A.Q.F.
2331/2021	21-12-2021	Concesión a Nedgia Galicia, S.A., de licenza municipal solicitada para a substitución dunha válvula na acometida de gas natural canalizado do edificio sito na rúa Río Brexa, A Barcala, Cambre
2332/2021	21-12-2021	Concesión a M.C.V. de licenza municipal para a execución dunha rampla de acceso a terreo sito no lugar de Aldea de Arriba, Cecebre, con referencia catastral 15017A02003100000MO
2333/2021	21-12-2021	Baixa servizo de axuda no fogar de J.J.Y.C.
2334/2021	21-12-2021	Baixa no servizo de axuda no fogar de M.C.S.
2335/2021	21-12-2021	Baixa no servizo de axuda no fogar de F.D.V.
2336/2021	21-12-2021	Baixa no servizo de axuda no fogar de M.D.B.D.
2337/2021	21-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 18/2021
2338/2021	21-12-2021	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguiñedo Álvarez do día 27 ao 29 de decembro de 2021 (ambos incluídos) e do 3 ao 7 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos)
2339/2021	21-12-2021	Devolución de aval para a construcción dunha vivenda no lugar de Cabana, Anceis. Promotor: J.C.G.P.
2340/2021	21-12-2021	Avocación de competencias do séptimo tenente de alcalde, don Diego Alcantarilla Rei, do día 3 ao día 10 de xaneiro de 2022 (ambos incluídos)
2341/2021	21-12-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local do día 22 de decembro de 2021
2342/2021	22-12-2021	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 88.689,43 €
2343/2021	22-12-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 31.756,27 €
2344/2021	22-12-2021	Aprobación lista de admitidos Programa Vente de Marcha 2021: Ruta 149: Camiño Primitivo
2345/2021	22-12-2021	Expediente de transferencia de crédito 19/2021
2346/2021	22-12-2021	Celebración voda civil o día 29 de decembro de 2021 ás 13 horas.
2347/2021	22-12-2021	Levantamento de reparos no contrato menor para "Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba"
2348/2021	22-12-2021	Autorización de prórroga de comisión de servizos de I.M.F.T.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urgencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato menor para o 'Proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre' ao licitador María Morán Castillo, polo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

importe ofertado de 13.915,00€ (IVE incluído). Expediente núm. 2021/C002/000167

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C003/000017, por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar de Pena, Cela. Fase I"
- Concesión de complemento de produtividade por remanente, de conformidade co artigo 8 do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal do Concello de Cambre
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra "Mellora do acabado de pavimentado das aulas/obradoiros do Centro Municipal de Formación Espíritu Santo" á empresa DEPUR G.M. Deseño e Obra S.L., no prezo ofertado de 21.449,77 euros sen IVE e 25.954,22 euros. Expediente núm. 2021/C002/000248
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Adquisición de material para o fomento da reciclaxe" **LOTE 1** e **LOTE 3**, á empresa **Doublet Ibérica, S.L.**, nos prezos ofertados: **LOTE 1:** 7.458,00 € sen IVE, 9.024,18 € IVE incluído; **LOTE 3:** 2.376,00 € sen IVE, 2.874,96 € IVE incluído, e o **LOTE 2**, á empresa **Logicfun MH S.L.**, no prezo ofertado de 990,00 € sen IVE, 1.197,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000202
- Proposta de adxudicación do contrato do servizo de "Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-22 y 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25)", a prol do licitador "A Billarda, S.L". Expediente núm. 2021/C004/000015

sendo aprobada a urgencia da totalidade das propostas por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de adxudicación do contrato menor para o "Proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre" ao licitador María Morán Castillo, polo importe ofertado de 13.915,00€ (IVE incluído). Expediente núm. 2021/C002/000167

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 26/10/2021 asínase polo arquitecto municipal o informe denominado "Prescrípciones técnicas para a contratación da servizo de asistencia técnica para redacción do "Proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre" cun importe base de licitación de **13.000,00 € sen IVE, 15.730,00 IVE incluído** e prazo de execución de 35 días naturais.

Con data 26/10/2021 asínase polo arquitecto municipal, o concelleiro delegado da área de urbanismo e obras, e a concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-Informe de necesidade", correspondente ao servizo de asistencia técnica para redacción do "Proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre" elaborado polo arquitecto municipal, no que se motiva a necesidade do servizo xustificando que:

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

A dita contratación considérase necesaria para a redacción do proxecto de remodelación do espazo público denominado "Parque Ramón Barba", para a mellora funcional e a accesibilidade, que pola súa calidade urbana



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

e paisaxística, así como pola súa viabilidade técnica e económica, sirva de base para a contratación das obras necesarias.

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

As necesidades a cubrir son a mellora funcional e da accesibilidade do Parque "Ramón Barba"

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

Tanto o obxecto como o contido do contratos son os idóneos para o fin pretendido e suficiente xustificación para este procedemento de contratación.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

Las obras contempladas en el proyecto a desarrollar comprenden una obra completa, entendida como susceptible de ser entregada al uso previsto, comprendiendo todos y cada uno de los elementos precisos para su utilización, por lo que no es posible el fraccionamiento del proyecto.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinto do orzamento.

Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

(...)

Vistas as características do servizo e que se trata dunha necesidade puntual e non recorrente, considérase necesario executar o citado gasto mediante o procedemento más adecuado, que é o do contrato menor, iso atendendo á natureza, contía e simplicidade da tramitación, efectuando para isto, a seguinte proposta de criterios de adxudicación:

PROPOSTA CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o PPT

A dita contratación forma parte das competencias propias do Concello en materia de equipamentos da súa titularidade conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Con data 26/10/2021 emítense documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 151.22706 (Estudios y trabajos técnicos urbanismo).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con data 2/11/2021 enviase invitación de presentación de oferta ás seguintes empresas e profesionais:

- David Sarmiento Nogueira
- Emilio Cortés Varela
- Xesteco Consultoría S.L.
- Moran y Couto, Arquitectos.

Prazo, que finalizaba o día 10 de novembro do 2021.

Con data 05/11/2021, notifícaselles aos licitadores unha ampliación do prazo de presentación de ofertas ("...").
Despois da remisión da invitación para a presentación de oferta para a licitación do contrato menor denominado "REDACCIÓN DEL "PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA LA MEJORA FUNCIONAL Y LA ACCESIBILIDAD DEL PARQUE RAMÓN BARBA. CAMBRE.", na que se da un prazo de presentación de data o día 10 de novembro de 2021, pola presente teño a ben comunicarlle que o dito prazo amplíase ata o dia 15 deste mes de novembro".

Consta o informe asinado polo arquitecto municipal , con data 10/12/2021, referente á valoración (Fase 1) dos criterios subxectivos mediante xuízo de valor incluídos no sobre electrónico "A: Documentación técnica", onde resultan as seguintes puntuacións:

LICITADORES	CALIDAD URBANÍSTICA	ADECUACIÓN	SOSTENIBILIDAD	VIABILIDAD TÉCNICA Y ECO	TOTAL A
DAVID SARMIENTO NOGUEIRA	9,00	6,00	7,00	6,00	28,00
MARÍA MORÁN CASTILLO	10,00	9,00	9,00	5,00	33,00
XESTECO CONSULTORIA S.L.	8,00	7,00	9,00	7,00	31,00
puntuación	0 - 12	0 - 10	0 - 10	0 - 8	

Con data 02/11/2021, notifícaselle aos licitadores o seguinte requerimento:

"...)

Para proceder a la apertura del sobre B (valoración económica), deberá remitirnos, en el plazo máximo de 48 horas la clave para poder proceder a su valoración y posterior adjudicación al licitador que obtenga la máxima puntuación. Lo que pongo en su conocimiento a los efectos oportunos".

Con data 10/12/2021, emítense informe asinado polo arquitecto municipal no que se expón:

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaría accidental de data 27 de decembro de 2021, e mailo informe de 27fiscalización nº 559/2021 - REPARO 187 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de decembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de "*Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad*", segundo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, apartado d), e art. 8 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Descripción Técnica" para as obras de "Mellora do acabado de pavimentado das aulas/obradoiros do Centro Municipal de Formación Espíritu Santo" elaborado polo arquitecto municipal , cun importe de licitación de 29.750,00 euros sen IVE, 35.997,50 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 62200 (Edificios fomento empleo).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000248, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra "Mellora do acabado de pavimentado das



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

aulas/obradoiros do Centro Municipal de Formación Espíritu Santo, á empresa **DEPUR G.M. DESEÑO E OBRA S.L.**, co CIF B9413****, enderezo rúa Rosalía de Castro nº 27, 36500 Lalín (Pontevedra), no prezo ofertado de 21.449,77 euros sen IVE e 25.954,22 euros IVE incluído, por ser a única empresa que presentou oferta, logo de verificar que a proposta cumpre os requisitos esixidos no proxecto técnico.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: A coordinación da seguridade e saúde da obra correspónelle á empresa "Gallega de Coordinaciones S.L.", como adxudicataria do contrato para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022), exp. nº 2020/C004/000022.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, don José Ramón Díaz Barbeito, á empresa Gallega de Coordinaciones S.L., coordinadora de seguridade, á responsable da axencia do desenvolvemento local e más ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Adquisición de material para o fomento da reciclaxe" LOTE 1 e LOTE 3 ,á empresa Doublet Ibérica, S.L., nos prezos ofertados: LOTE 1: 7.458,00 € sen IVE, 9.024,18 € IVE incluído; LOTE 3: 2.376,00 € sen IVE, 2.874,96 € IVE incluído, e o LOTE 2, á empresa Logicfun MH S.L., no prezo ofertado de 990,00 € sen IVE, 1.197,90 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000202

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 18/10/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, deportes e Xuventude, o concelleiro



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

delegado da Área de educación, mobilidade, medio ambiente e sanidade e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado "Proposta-informe de necesidade", ao que se achega a "Memoria valorada", elaborada polo coordinador da Área de Cultura, deportes e Xuventude, para a "Adquisición de material para o fomento da reciclaxe", cun importe de licitación de **14.861,00€** euros sen IVE e **17.981,81€** euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, tal e como se transcribe a continuación:

Concepto	Importe sen IVA	IVE (21%)	Importe con IVE
LOTE nº1: subministración de papeleiras de reciclaxe	10.200,00€	2.142,00€	12.342,00€
LOTE nº2: subministración de embudes para a reciclaxe de aceite	1.135,00€	228,35 €	1.373,35€
LOTE nº3: subministración de vinilos e instalación dos mesmos nas papeleiras de reciclaxe	3.526,00€	740,46€	4.266,46€
TOTAL	14.861,00€	3.120,81€	17.981,81€

Xustificando a necesidade da subministración:

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

Os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo o disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases do Régime Local.

Así mesmo no apartado 2.b) deste mesmo artigo establecese que os municipios terán competencias en Medio ambiente urbano.

As autoridades locais comparten cos gobiernos rexionais e nacionais a responsabilidade de loitar contra o cambio climático, xogando un papel grave por ser a administración que goberna mais preto da ciudadanía.

O Concello de Cambre non é aleno a este feito e mostra disto foi o compromiso adquirido polo Concello de Cambre, con data 28/2/2019 coa adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e Enerxía.

De cara a futura consecución dos obxectivos enmarcados neste Pacto, o Concello de Cambre acaba de impulsar unha campaña de concienciación destinada a fomentar as boas prácticas ambientais nos diferentes sectores da sociedade: nenos e nenas, comercios e hostaleiros, persoal do Concello, ...

E como non pode ser de outra maneira, a reciclaxe é unha das principais limas de actuación sobre a que xira as accións que integran esta campaña pola súa transcendencia para o medio ambiente.

Co fin de apoiar e dar continuidade a esta campaña, así como para facilitar que os veciños e veciñas poñan en prácticas os coñecementos adquiridos sobre reciclaxe durante as diferentes accións divulgativas, desde esta Concellería querece dotar aos principais edificios municipais de papeleiras de recollida selectiva así como repartir entre a veciñanza embudes que facilitarán a reciclaxe do aceite usado.

Conseguir unha boa xestión dos residuos e a reciclaxe son prioridades do Concello, polo que a través do presente contrato fomentará as ditas prácticas por un lado coa dotación de medios (subministración de papeleiras e embudes) e por outro coa divulgación e sensibilización (personalización das papeleiras con vinilos que serán empregados como soporte divulgativo)

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

Conseguir unha boa xestión dos residuos e a reciclaxe son prioridades do Concello, actuacións imprescindibles para avanzar cara a un modelo de municipio más sostible e respectuoso co medio ambiente.

A través do presente contrato fomentaranse as ditas prácticas por un lado coa dotación de medios (subministración de papeleiras e embudes) e por outro coa divulgación e sensibilización (personalización das papeleiras con vinilos que serán empregados como soporte divulgativo).

Mediante a adquisición das papeleiras coas características que se definen na memoria, preténdese crear "illas de reciclaxe" que os veciños e veciñas poderán empregar para realizar unha correcta separación de residuos cando acudan aos edificios municipais e aos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

centros escolares.

Estas mesmas papeleiras serán emplegadas como soporte divulgativo, xa que estarán personalizadas cuns vinilos que lles resolverán aos veciños as dúbidas que poidan xurdir, sobre a correcta separación.

Por outra banda, tamén é obxecto do presente contrato a adquisición de embudes que facilitarán que a poboación adquira e manteña un hábito tan importante para o medioambiente como é reciclar o aceite usado que se xera diariamente nos fogares.

Coa execución do presente contrato, dase continuidade á campaña de boas prácticas ambientais posta en marcha recentemente mediante a adxudicación do contrato núm.2021/C002/000090.

O procedemento divídese en **tres** lotes, de acordo co seguinte:

LOTE N° 1: Subministración de papeleiras de recollida selectiva.

LOTE N° 2: Subministración de embudes para a reciclaxe de aceite usado.

LOTE N° 3: Subministración de vinilos e instalación dos mesmos nas papeleiras de reciclaxe.

Un mesmo licitador poderá optar a un ou máis lotes, permitíndose que poida adxudicarse máis dun lote a un mesmo licitador.

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

Considérase idóneo o contido do contrato, xa que fomenta a reciclaxe entre a veciñanza, coa execución de prácticas que redundarán en beneficio do municipio, coa instalación de papeleiras nos centros escolares estimularase a un sector da poboación fundamental de cara ao cambio cara a un modelo de sociedade más sostible e menos contaminante.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

O obxecto do contrato é determinado, cunha unidade operativa e unha única prestación, polo tanto, non supón un fraccionamento do obxecto do contrato.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinto do orzamento.

Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

Con data 25/10/2021 emítense documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1721 22669 (outros gastos diversos protección medio ambiente) por importe de 17.981,81 euros.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 29/11/2021 emítense informe polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal no que consta que no expediente foron invitadas as seguintes empresas:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Logicfun MH S.L.
- Pegadas S.C. Galega.
- Rúben Neira Pérez.
- Doublet Iberica S.A.
- Icommers Every S.L.
- Clean Up Solutions Iberia, S.L.
- Obrados Multiservicios S.L.
- Cervic S.A.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

LOTE 1

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Icommers Every S.L.	7.656,00 euros	9.263,76 euros
Doublet Iberica S.A.	7.458,00 euros	9.024,18 euros

LOTE 2

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Logicfun MH S.L	990,00 euros	1.197,90 euros

LOTE 3

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Logicfun MH S.L	3.420,00 euros	4.138,20 euros
Doublet Iberica S.A.	2.376,00 euros	2.874,96 euros

Formulando a seguinte proposta de adxudicación, tendo en conta que o criterio de selección da oferta más vantaxosa é o prezo:

Adxudicar o **LOTE 1** e **LOTE 3** do contrato menor correspondente á Adquisición de material para o fomento da reciclaxe, á empresa Doublet Ibérica, S.L., con NIF A58890682, domicilio en C/ de la Garrotxa, 131 P.I: Pla de la Bruguera, 08211 Castellar del Vallès, no prezos ofertados: **LOTE 1: 7.458,00 € sen IVE, 9.024,18 € IVE incluído; LOTE 3: 2.376,00 € sen IVE, 2.874,96 € IVE incluído**, por ser a empresa que fixo as mellores ofertas para estos lotes atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Adxudicar o **LOTE 2** do contrato menor correspondente á Adquisición de material para o fomento da reciclaxe, á empresa Logicfun MH S.L., con NIF B66196387 e domicilio en Montnegre 16, 08830 San Boi de Llobregat, no prezo ofertado de 990,00 € sen IVE, 1.197,90 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaría accidental de data 27 de decembro de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 561/2021 - REPARO 188 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 27 de decembro de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato e para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de Medio ambiente urbano, segundo apartado 2.b) do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o documento “Memoria valorada”, elaborada polo coordinador da Área de Cultura, deportes e Xuventude, para a “Adquisición de material para o fomento da reciclaxe”, cun importe de licitación de **14.861,00€** euros sen IVE e **17.981,81€** euros IVE incluído, e un prazo de execución de 1 mes, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1721 22669 (outros gastos diversos protección medio ambiente).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000202, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o **LOTE 1** e **LOTE 3** do contrato menor correspondente á Adquisición de material para o fomento da reciclaxe, á empresa Doublet Ibérica, S.L., con NIF A58890682, domicilio en C/ de la Garrotxa, 131 P.I: Pla de la Bruguera, 08211 Castellar del Vallès, no prezo ofertados: *LOTE 1: 7.458,00 € sen IVE, 9.024,18 € IVE incluído; LOTE 3: 2.376,00 € sen IVE, 2.874,96 € IVE incluído*, por ser a empresa que fixo as mellores ofertas para estos lotes atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Adxudicar o **LOTE 2** do contrato menor correspondente á Adquisición de material para o fomento da reciclaxe, á empresa Logicfun MH S.L., con NIF B66196387 e domicilio en Montnegre 16, 08830 San Boi de Llobregat, no prezo ofertado de *990,00 € sen IVE, 1.197,90 € IVE incluído*, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, don José Luis Martínez Názara e más ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Proposta de adxudicación do contrato do servizo de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-22 y 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25”, a prol do licitador “A Billarda, S.L”. Expediente núm. 2021/C004/000015

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de decembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C004/000015 para a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), do servizo de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-22 y 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25”, cun orzamento base de licitación de 14.726,62 euros sen IVE, 32.398,56 IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (factor prezo), que consta na acta da Mesa de Contratación de data 11 de novembro de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola unidade técnica designada para o presente expediente, a prol do licitador “A Billarda, S.L.”, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación, precio ofertado á baixa, sen estar incursa en presunción de resultar anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo a documentación requirida, salvo a relativa ao compromiso de renovación del seguro de responsabilidade civil durante toda a vixencia do contrato.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto que, efectuado requerimento de subsanación, este foi atendido debidamente polo licitador proposto.

Vista a documentación presentada así como o informe emitido con data de 27 de decembro de 2021 polo coordinador de actividade culturais e educativas no que se indica que o licitador acredita a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, así como a suficiencia de medios persoais e materiais para a execución do contrato.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental e o interventor municipais con data de 27 de decembro de 2021.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co establecido no acordo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 11 de novembro de 2021, **admitir** as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, por presentar sóbrelos ou arquivos electrónicos C, Subtitulados "Documentación administrativa e oferta económica" coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 14 e 15 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme aos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP:

- Senes Cit S.L.
- A Billarda S.L.
- Aventeira S.C.G.
- Ludus Tempori, S.C.G.

Segundo: De conformidade co establecido no acuerdo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 5 de novembro de 2021, tendo en conta a cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Prego no seu apartado nº 10, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4 da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no presente procedemento nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación de ofertas, obligación legal respecto da que non cabe decisión algúnhha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumplir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 do 3 de setembro, acórdase **excluír** as ofertas presentadas polas entidades "**Avada Sociedade Cooperativa Galega, S.L.**" e "**Galicia Multigestión Deportiva, S.L.**", ao non atoparse estes licitadores, á data final de presentación de ofertas (4 de novembro de 2021) inscritos en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obligación expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Terceiro: De conformidade co establecido no acuerdo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 11 de novembro de 2021, aprobar a seguinte valoración das ofertas admitidas por orde decrecente, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido nas inferiores a 11.539,80 euros sen IVE, sen que se atopen no devandito suposto ningunha das proposicións presentadas polos licitadores.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ORDEN	EMPRESA	PRECIO SEN IVE	PUNTUACIÓN	OFERTA ANORMALMENTE BAIXA
1º	A Billarda SL	12.540,00 €	100	NO
2ª	Ludus Tempori SCG	12.680,00 €	98,90	NO
3ª	Senes Cit SL	12.858,00 €	97,53	NO
4ª	Aventeira SCG	13.210,00 €	94,93	NO

Cuarto: De conformidade co establecido no acordo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 11 de novembro de 2021, **adxudicar o servizo** de “Impartición do curso oficial de monitor de actividades de tempo libre, do programa Trans-formate, a realizar no Concello de Cambre nos cursos 2021-22 y 2022- 23, con opción de prórrogas anuais para impartir nos cursos 2023-24 e 2024- 25”, a favor da empresa **“A Billarda, S.L.”**, no prezo ofertado precio total ofertado de 12.540,00 euros (exento de IVA) para os dous anos de vixencia do contrato, sendo o prezo anual de 6.270,00 euros (exento de IVA), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación do único criterio de adxudicación, prezo ofertado á baixa, que consta na cláusula 12 do PCAP, sen estar incursa en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o presente contrato entenderase formalizado mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario do presente acordo de adxudicación, no prazo de 10 días hábiles siguientes á notificación.

Sexto: De conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e más co art. 62 da LCSP, designar responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas, don Jose Luís Martínez Názara, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instruccións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, á responsable de Contratación e más ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López